



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 7 DE XUÑO DE 2017.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, D. Emilio Villarrea Méndez, D^a. María Soledad Rey Yáñez, D^a. María del Carmen Franco Díaz, D. Manuel Galdo Dopico, D. Antonio José Bouza Rodil, D^a. M^a Jesús Vale López, D^a. María Cristina Goás Fernández e D. Marcos Besada Álvarez.

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día sete de xuño de dous mil dezasete, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Excusa a súa asistencia verbalmente o concelleiro D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. Saray Blanco Canoura e D. Bernardo José Fraga Galdo.

Non asiste a esta sesión a interventora municipal nin o interventor por delegación.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o grupo do P.S.O.E. tamén renuncia ás dietas correspondentes ao pleno anterior celebrado no día de hoxe.

**1ª PARTE:
PARTE RESOLUTIVA**



1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 3 DE MAIO DE 2017.

Non existindo obxección algunha apróbanse por unanimidade as actas das sesións de data 03/05/2017.

2.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE CONCESIÓNS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE ALTAMIRA.

A.- EXPTE 1779/2017

Resultando que se está tramitando o expediente número **1779/2017** de cambio de titularidade da Concesión Administrativa de uso funerario dos NICHOS sitios en Grupo: S. Juan, Cuadro:9, Fila:C, n.º: 1 e 2 , a nome de Dona Helminia Díaz Castro, tras o falecemento da anterior titular, D^a. María Castro Vázquez.

Visto que no expediente consta o informe do Xefe da Sección do Cemiterio Municipal de Altamira-Viveiro.

Vista a documentación obrante no expediente e o informe-proposta de Secretaría, favorable ao cambio de titularidade solicitado.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural, en data 2 de xuño de 2017.

Vista a proposta da Alcaldía para a adopción de acordo plenario en orde ao outorgamento do cambio de titularidade referido.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes, a aprobación dos acordos propostos, do seguinte xeito:

PRIMERO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos NICHOS sitios no **Grupo: S. Juan, Cuadro: 9, Fila: C, n.º: 1 e 2** , que figura no título concesional a nome de Dona María Castro Vázquez , pasando a ser titularidade de Dona **HELMINIA DIAZ CASTRO**.

SEGUNDO. Informar ó interesado/a que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 10/09/1986), debendo solicitarse a renovación da mesma tres



meses antes de seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o remate da 1º renovación o 10/09/2011 , e a 2º renovación sería o 10/9/2036 .

Dado que a 1ª renovación sería o **10/09/2011** enténdese con este acordo a **concesión** administrativa de uso funerario **renovada** ata a data **10/9/2036**.

TERCEIRO. Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

CUARTO. Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

B.- EXPTE 2323/2017.

Resultando que se está tramitando o expediente número **2323/2017** de cambio de titularidad da Concesión Administrativa de uso funerario **INTERVIVOS** da Sepultura sita en Cuadro: 2, Fila: 3, Número : 24 , entre Dona CASAL IGLESIAS MARIA DOLORES que cede os seus dereitos para Don Ricardo Alfredo Piñeiro López.

Visto que no expediente consta o informe do Xefe da Sección do Cemiterio Municipal de Altamira-Viveiro.

Vista a documentación obrante no expediente e o informe-proposta de Secretaría, favorable ao cambio de titularidade solicitado.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural, en data 2 de xuño de 2017.

Vista a proposta da Alcaldía para a adopción de acordo plenario en orde ao outorgamento do cambio de titularidade referido.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes, a aprobación dos acordos propostos, do seguinte xeito:



PRIMERO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario da **Sepultura** sita no **Cuadro: 2, Fila: 3, Número : 24** , que figura no título concesional a nome de Dona M.^a Dolores Casal Iglesias, pasando a ser titularidade de **DON RICARDO ALFREDO PIÑEIRO LÓPEZ** .

SEGUNDO. Informar ó interesado/a que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 11/06/1991), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes de seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o remate da 1º renovación o 11/06/2016 , e a 2º renovación sería o 11/06/2041 .
Dado que a 1ª renovación sería o **11/06/2016** enténdese con este acordo a **concesión** administrativa de uso funerario **renovada** ata a data **11/06/2041**.

TERCEIRO. Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

CUARTO. Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

SEXTO. Requerir o pago da Taxa prevista na Ordenanza fiscal para cada autorización de permuta ou transmisión de sepulturas **INTERVIVOS** por **importe de 134,33.- €**.

2ª PARTE **PARTE DECLARATIVA**

1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE ACTUACIÓN CONTRA OS EXCREMENTOS CANINOS.

Vista a moción presentada pola Grupo Municipal do P.P., para a elaboración dun plan de actuación contra os excrementos caninos, na que se fai referencia a que no pleno do 28



de setembro de 2016 o grupo do P.P. presentou un rogo sobre a problemática da recollida de heces caninas ao que se respostou pola Alcaldía que se estaba a elaborar un regulamento ao respecto, e non tendo máis noticias do mesmo, plantexan ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

“1. Que a Policía local controle o cumprimento do establecido na ordenanza de policía y buen gobierno en relación co artículo 58.

2. A realización dunha campaña de concienciación que faga un chamamento á colaboración cidadá.

3. Habilitación de espazos nas distintas zonas urbáns do noso concello para que os donos de mascotas poidan levalas e efectuar as súas necesidades.

4. Poñer dispensarios de bolsas nas papeleiras para a recollida de excrementos.

5. Creación dunha comisión con representantes de todos os grupos da Corporación, para a elaboración dunha ordenanza específica que regule máis amplamente e en profundidade todo o relativa á protección e tenencia de animais de compañía.”

Intervén a Sra. Alcadesa para darlle a palabra ao Grupo Municipal do P.P., representante da moción ao presente pleno.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P. para proceder á lectura da moción.

Intervén D. Jesús Fernández Cal, en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., para dicir que quere deixar claro que todos están sensibilizados coa falta de civismo que teñen algúns donos dos cans neste Concello. Continúa sinalando que a ordenanza de policía e bo goberno non contén un réxime expreso de infraccións e sancións neste ámbito, polo que aínda que establece obrigas para os propietarios dos animais, o seu incumprimento non atopa unha resposta sancionadora clara, debendo acudir para elo á normativa autonómica na materia. En aras ao desenrolo desta normativa autonómica e a súa adaptación a este Concello, e polo que se leva tempo traballando nesta ordenanza, reguladora da tenencia de animais. A maior problemática xurdiu á hora de valorar precisamente o que se propón no punto 3º da súa moción: habilitar espazos públicos concretos para as necesidades fisiolóxicas dos cans. Este aspecto resulta altamente controvertido, posto que, de habilitar zonas específicas debería facerse en todos os núcleos urbáns, e hai ámbitos nos que non resulta factible a súa ubicación, por non mencionar a problemática que esta ubicación podería acarrear para os veciños das zonas. Se ben é certo que nesas zonas os propietarios seguirían obrigados a recoller os excrementos das súas mascotas, somos conscientes de que en moitas ocasións non ía ser así, co que tamén se precisaría de persoal municipal para limpar estes lugares. Por todo isto valorouse, en vez de establecer zonas concretas, pensouse na posibilidade de non establecer zonas concretas e prohibir a súa estancia en determinados lugares, co que os animais poderían circular por calquer outra zona do municipio coa obriga do seu dono de recoller, por suposto, os seus excrementos, prohibíndose en praias e parques infantís.



Di que se lles vai entregar neste pleno unha copia deste borrador a cada grupo político, para logo poder crear unha comisión que o estude en profundidade para poder levala posteriormente ao pleno. Deste xeito regularíanse expresamente as infraccións e sancións, así como os aspectos que se solicitan na moción. Engade que propón polo tanto que a aprobación da moción sexa exclusivamente do punto 5º, para crear a comisión de estudo que posteriormente regule o resto de aspectos aos que se fai referencia, xa que os 4 primeiros apartados son obxecto precisamente de regulación na referida ordenanza.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, concelleiro non adscrito, para dicir que vai votar a favor indicando algunhas salvedades. Indica que está de acordo con esta falta de civismo nalgúns donos, o que ocasiona algunhas molestias importantes aos veciños e isto da algunha mala imaxe de Viveiro. Di que está de acordo en que se convoque unha comisión para a elaboración dunha ordenanza que incida na concienciación e tamén no réxime sancionador. Tamén considera importante facer unha revisión da ordenanza de policía e bo goberno, na que incluso se debería cambiar o título. Parécelle complicado levar a cabo o punto 3 e o 4 da moción, polo que entende que se debería ceñir ao punto 5.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, en representación de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que todos coinciden no principal problema deste asunto. Apunta a que coincide cun rogo presentado no seu día por Son Viveiro. Tamén se amosa crítico co punto 3 da ordenanza. Indica que cando sacou a nota de prensa a xente pensou que Son Viveiro quería prohibir os cans, cando o que se quería era restrinxir o paso nalgunha zona para a salubridade. Considera a campaña de concienciación como un punto imprescindible e indica que no contrato con CESPAs contéplase que a empresa se vai facer cargo de campañas neste sentido. Sinala que nalgún caso tamén aparecen excrementos de persoas, aínda que son feitos máis illados. Respecto ás bolsas apunta que as hai en moitos lugares, pero entende que se non hai civismo para recoller os excrementos tampouco cree que o haxa para coller as bolsas. Conclúe que está de acordo en crear unha comisión, e polo tanto aprobar só o punto 5, indicando que neste caso parece máis creíble que se cree, xa que hai un borrador, porque noutras ocasións acordouse a creación e non se chegaron a crear.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P. para dicir que todos están de acordo en que se trata dun problema de concienciación e sensibilización; que algúns dos donos dos animais son os culpables deste problema. Respecto aos puntos da moción indica que sobre o punto 1 xa eran conscientes do que apuntaba o Sr. Fernández Cal, e que o poñían máis como unha labor de prevención, que o que pretenden é que se regule. Di que o punto 2 imaxinan que se recolle no borrador e que senón debería recollese, indicando que nalgunha ocasión xa se fixeron campañas e que tampouco teñen porque supoñer un gran custo. Respecto ao punto 3 faise cargo de que é difícil e sobre o 4 di que cando se puxo se fixo coa mellor das intencións, aínda que posteriormente tamén se pensou que alguén as podería roubar. Con todo isto di que



non hai problema en deixar só o punto 5, para crear unha comisión que estude a elaboración da ordenanza, que se fixo así tamén coa de terrazas e a dos taxis, e saíu ben.

Intervén D. Jesús Fernández Cal, en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., para dicir que na Comisión se vai ter tempo de falar e opinar sobre cada punto. Quere deixar claro sobre a mesa que hai supostos no que as campañas non funcionan porque hai xente que só entende mediante multas, co que tamén hai que contemplar o réxime sancionador.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P. para dicir que está de acordo, que primeiro se debe concienciar e advertir e se non funciona sancionar.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes, segundo o debate da presente moción, a aprobación do punto 5º da moción, do seguinte xeito:

Crear unha comisión con representantes de todos os grupos da Corporación, para a elaboración dunha ordenanza específica que regule máis ampliamente e en profundidade todo o relativo á protección e tenencia de animais de compañía.

2.- MOCIÓN DE SON VIVEIRO, INTEGRANTE DO GRUPO MIXTO, PARA QUE A CONTRATACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO INCLÚA CRITERIOS SOCIAIS E AMBIENTAIS.

Vista a moción de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para que a contratación pública do Concello inclúa criterios sociais e ambientais, na que, facendo referencia ás previsións da Directiva 2014/24/UE, propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

“

1. *Que nos pregos de contratación que se realicen desde o Concello e as súas empresas dependentes se incorporen cláusulas sociais e ambientais (criterios como a calidade das condicións de emprego, a inserción socio-laboral de colectivos desfavorecidos, a diversidade funcional, políticas de xénero, ambientais e de comercio xusto,...).*
2. *Naqueles supostos nos que os órganos de contratación utilicen máis dun critério para a valoración das proposicións e a determinación da oferta máis favorable, deberán incluírse criterios que permitan identificar a oferta que presente a mellor relación calidade-prezo, tales como a categoría, a accesibilidade e as características sociais, ambientais ou innovadoras, entre outros factores, sempre que estean vinculados ao obxecto do contrato e formulados de forma obxectiva con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade.*



3. *As contratas de prestacións directas a cidadáns no ámbito sanitario ou social serán consideradas desde unha estrita esixencia de garantías de calidade do servizo en relación ao obxecto da contrata con criterios tendentes á maior especificidade posible.*
4. *A entidade contratada presentará no Concello os TC1 e TC2 do persoal adscrito aos servizos, dentro dos dez días seguintes o da data do contrato, co fin de verificar o cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social. A empresa adxudicataria non poderá utilizar para o desenvolvemento dos seus traballos, persoas non incluídas nos devanditos documentos.*
5. *Non prorrogar os contratos vixentes, redactando cando expire cada un deles un novo prego que incorpore ditas cláusulas.*

Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle a palabra ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, presentante da moción ao presente pleno.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, que procede á lectura da moción.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que todos están de acordo en incluír este tipo de criterios, aínda que sinala que ás veces a vontade política non coincide coa normativa, neste caso coa Lei de Contratos, polo que di que deu traslado da moción á Secretaria Municipal para comentar estes extremos. Engade que, analizada esta cuestión coa secretaria municipal lle manifesta que a Lei de Contratos Estatal prevé a súa inclusión en distintas fases do procedemento de contratación, indicándolle que vén xerando controversias interpretativas e existindo, neste sentido, diversas sentenzas que cómpre ter en conta, que na súa maioría son favorables ás empresas. Sinala, tamén, que entende máis axeitada a súa previsión como condición especial de execución, é dicir, obriga para o contratista adxudicatario, que como criterio de valoración e que, en todo caso, debería analizarse a súa inclusión de forma individual para cada expediente concreto, non dunha maneira xenérica. Respecto ao punto 5 da moción di que a Secretaria Municipal lle indica que o órgano competente para acordar sobre a prórroga ou non dun contrato é o órgano de contratación, que non en todos os casos é o Pleno da Corporación, polo que debe ser o órgano de contratación en cada caso concreto o que adopte o correspondente acordo sobre a prórroga. Conclúe dicindo que, por este motivo propón que esta moción se deixe sobre a mesa coa finalidade de solicitar un informe previo á secretaria municipal ou, no caso de que se proceda a súa votación na presente sesión, que o acordo que se adopte sexa o compromiso de analizar en todos os expedientes de contratación a posibilidade de incluír estes criterios.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P., para dicir que dende o seu grupo xa apuntaban un pouco nesa liña referida pola Sra. Alcaldesa, respecto a que esas cláusulas podan incurrir en ilegalidade. Sinala que lle parece unha boa proposta que se deixe sobre a mesa ou se analice contrato por contrato, xa que considera que se trata dun tema a estudar con calma, posto que hai xursiprudencia en contra dos Concellos.



Intervén D. Manuel Galdo Dopico, concelleiro non adscrito, para dicir que, salvando as cuestións legais está a favor da moción, entendendo que os Concellos, por realizar contratacións máis cercanas aos cidadáns deben servir de exemplo ás empresas privadas, que a veces fan contratacións leoninas. Apunta que para salvaguardar e axilizar as mesas de contratación propón buscar un xeito de acreditación por parte das empresas, como por exemplo que contén con acreditacións de que cumpren cos preceptos esixidos, e que polo tanto se tratase de contratacións con empresas acreditadas.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que a telaraña burocrática é complexa e difícil. Hai unha disposición da UE sobre ditos criterios. Engade que descoñece a a Lei de Contratos ao dedillo, pero entende que sí se ten que dar exemplo e sinala que ás veces se teñen dado casos de contratacións en materia de coidado de persoas nas que só se valorou o prezo, e entende que se deberían valorar tamén outros criterios. Conclúe indicando que lle parece correcto que se pida informe á Secretaria e se debata noutro pleno.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que sí se valoran máis criterios que o prezo e dalle a palabra á Secretaria Municipal, que sinala que, sen poder confirmar neste momento con exactitude os criterios utilizados nos últimos expedientes de contratación do ámbito referido por Son Viveiro, facendo referencia aos exptes de servizo de axuda no fogar de dependencia e gardería municipal, sobre os que indica que cree que recordar, polo menos no que respecta ao primeiro e cree que no segundo tamén, se valoraron máis criterios que o prezo, contando o expediente tamén con criterios subxectivos valorados polas traballadoras sociais municipais. Engade que na maioría de expedientes, se valoran máis dun criterio.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes a retirada da presente moción, aos efectos de solicitar informe previo da Secretaria Municipal.

3ª PARTE: **PARTE DE CONTROL**

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

A Sra. Alcaldesa dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, mediante un listado resumo das memas, segundo consta no expediente, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.



Non se producen intervencións, dándose por informado o Pleno das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

2.- DACIÓN DE CONTA DE INFORMACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO DE VIVEIRO A 31 DE MARZO DE 2017 E AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCIERA A 31 DE MARZO DE 2017 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2017.

EXPTE. 3263/2017.

A Sra. Alcaldesa dá conta da información económica do Concello de Viveiro a 31 de marzo de 2017 e avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 31 de marzo de 2017 e previsións a 31 de decembro de 2017.

3.- INFORME DO ARTIGO 218 DO RDL 2/2004, DE 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.

A Sra. Alcaldesa dá conta do informe do artigo 218 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2.- ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTAS E ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 31-05-2017 (Nº DE REXISTRO 2017-E-RC 3228):

D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, as seguintes PREGUNTAS E ROGOS:

PREGUNTAS:

“1º) Según podemos observar no parque público Pernas Peón algunhas árbores, en concreto tres eucaliptos grandes e de moitos anos están secando, o que pode ser un perigo para as persoas que usan e transitan por este parque. Por esta razón lle PREGUNTAMOS ó equipod e goberno:



- a) *Ten coñecemento da situación destas árbores?*
- b) *En caso afirmativo, que medidas se van tomar para recuperar as árbores?*
- c) *Van adoptar algunha medida para evitar os posibles riscos para os usuarios do parque?"*

Intervén a Sra. Alcadesa para contestar que mo parque Pernas Peón había unha árbore seca, que xa non tiña nin ramas. Debido ao perigo que supoñía, cortouse o 29 de outubro de 2016. Neste momento, o resto de eucaliptos atopábanse en perfectas condicións. Uns tres ou catro meses despois, o vixiante de obras alerta sobre unha situación extraña: outros eucaliptos comezan a secarse. Un profesional da madeira confirma este feito. Antes de tomar decisión algunha, requírese da Delegación Local de Medio Rural para realizar unha inspección dos citados eucaliptos e emitir un informe ao respecto.

O informe emitido polo axente di:

A petición dun representante municipal do Concello de Viveiro, con data 11 de maio de 2017, realízase a inspección visual ao arborado presente no parque, no cal se detecta un grupo de cinco eucaliptos con aspecto de decaemento e coas follas secas case na súa totalidade.

Estas árbores sitúanse nunha marxe do parque lindando co campo de fútbol e con edificios da rúa Vilalba. As cinco árbores presentan entre dúas e tres perforacións no tronco de un centímetros de diámetro e a unha altura aproximada de 0,5 metros. Pola forma das mesmas, pola súa distribución e por repetirse do mesmo xeito nos cinco determinase que puideron ser intencionadas.

Posto que se trata de árbores de gran porte situados nunha zona moi transitada e con edificios próximos aconséllase o corte e retirada das mesmas."

Engade que co verán ás portas hai que valorar o que máis convén: efectuar a corta agora ou no mes de setembro.

ROGOS

"1º) Según podemos observar desde fai tempo no Mirador do Pirixel, o banco existente está roto e en malas condicións, polo que entendemos que sería necesario cambialo por outro. Así mesmo, veciños desta zona pedíronos manter este Mirador en boas condicións de limpeza e corte de maleza, así como a colocación de beirarrúas e máis control do tráfico nesta carretera debido ó exceso de velocidade dos vehículos, o que ten provocado varios accidentes nos últimos meses. Por estes motivos lle ORGAMOS ó equipo de foberno que se teñan en conta estas demandas dos veciños do barrio do Pirixel e se lles de unha solución á maior brevidade posible."



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que deu orde de inspeccionar o banco e de arranxalo se é posible; en caso contrario, poñerase un novo. Tamén trasladará ao inspector Xefe da Policía Local a necesidade de controlar a velocidade na zona do Pirixel.

2º) Son varias as persoas maiores que se dirixiron ó noso grupo, para comunicarnos a carencia de bancos públicos donde poder sentarse e descansar ó longo da avenida de Cantarrana na parroquia de Covas. Por este motivo lle ROGAMOS ó equipo de goberno a colocación de bancos nesta avenida para solucionar a demanda destes veciños.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que ao non existir petición algunha no concello, descoñece a situación á que se alude. Non estaría de máis que os propios veciños realizasen a petición por escrito ou directamente na alcaldía. Di que a zona de Cantarrana é un claro exemplo do urbanismo que se propiciou durante o goberno municipal do Partido Popular. A zona carece de espazos verdes, de mobiliario urbano e de parques infantís. A situación era tan grotesca que, incluso, a pobre urbanización existente correu en moitos casos a cargo do concello. Agora, paradoxicamente, o PP viveirense pide de forma continuada cubrir as carencias resultado da súa falta de responsabilidade cando gobernaba.

3º) Na parroquia de Celeiro algúns veciños de Lavandeiras das vivendas nº 102-104 que teñen acceso a través dunha pista de 100 metros lineales aproximadamente-por detrás do taller mecánico Peugeot-, nos informaron do mal estado do asfalto, así como da existencia de abundante maleza. Por estes motivos lle ROGAMOS ó equipo de goberno municipal que cumpla coa promesa feita a estes veciños fai máis dun ano de reparar dita pista. Así mesmo e aproveitando esta situación tamén lles ROGAMOS que se teñan en conta para o seu adecentamento, as demais pistas do Concello de competencia local de acceso a vivendas con baches e abundante maleza.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o seu goberno ten por bandeira, ademais dunha estricte honradez, cumprir os seus compromisos en moitos casos os tempos de execución dalgunhas obras vén condicionado por circunstancias varias. Di que recoñeceu que esa zona estaba mal e prometeu aos veciños da zona de Lavandeiras que se ía aglomerar a pista. Engade que se está con varios orzamentos e en canto sexa posible aglomerarase a zona.

4º) Según puidemos comprobar o parque público infantil do barrio de Atalaya na parroquia de Celeiro está con abundante maleza e presenta certo estado de abandono. Por este motivo lle ROGAMOS ó Goberno Local que proceda a limpeza e adecentamento desta zona de ocio.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o parque público da Atalaya, efectivamente, tiña moita herba; cortouse no día de onte.



**PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA
24-05-2017 (Nº DE REXISTRO 2017-E-RC 3078):**

D^a. M^a Cristina Goás Fernández, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, as seguintes PREGUNTAS:

“El pasado mes de julio de 2016 se presentaron varias reclamaciones INSTANDO A LA NULIDAD DEL PROCEDIMIENTO SANCIONADOR DE PRESUNTAS INFRACCIONES DE CIRCULACIÓN Y SOLICITANDO LA DEVOLUCIÓN DE LA CANTIDAD INGRESADA POR LA PRESUNTA INFRACCIÓN, dado que la persona que firma dichos expedientes de instrucción no es la idónea tal como establece el Estatuto Básico del Empleado Público en su artículo 9.3 y la Ley de Base de Régimen Local en su artículo 92.3 que establece que deben ser funcionarios los instructores de dichos procedimientos y no personal laboral tal como ocurre en este caso que nos ocupa.

A día de hoy tan solo hay constancia de que se haya contestado a una de las reclamaciones realizadas, casualmente la única INFRACCIÓN que no había sido abonada, alegando en punto cuarto de los fundamentos de derecho que dice textualmente “QUE DEBIDO AL VOLUMEN DE TRABAJO EXISTENTE EN LA UNIDAD DE SANCIONES SE HA PRODUCIDO LA PRESCRIPCIÓN DE LA PRESUNTA INFRACCIÓN COMETIDA” y concluyendo “PROCEDER AL ARCHIVO INMEDIATO DEL EXPEDIENTE SANCIONADOR POR PRESCRIPCIÓN DE LA INFRACCIÓN QUE LO GENERÓ”.

Según el artículo 92 del Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, por el que se aprueba el texto articulado de la ley de tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial y posteriormente el artículo 112 del Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la ley de tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial establecen lo siguiente: “EL PLAZO E PRESCRIPCIÓN DE LAS INFRACCIONES PREVISTAS EN ESTA LEY SERÁ DE 3 MESES PARA LAS INFRACCIONES LEVES Y DE 6 MESES PARA LAS INFRACCIONES GRAVES Y MUY GRAVES”.

Dado que desde la fecha de las reclamaciones hasta el presente mes de mayo pasaron 10 meses.

- 1.- Cuando se va a proceder a la contestación de dichas reclamaciones?*
- 2.- Dado que el plazo de prescripción de infracciones leves es de 3 meses y las graves de 6 meses... Supon esto que todas las reclamaciones presentadas ya prescribieron?*
- 3.- Si este es el caso...cuando se va a proceder a la comunicación oficial y DEVOLUCIÓN DEL PAGO REALIZADO DE DICHAS SANCIONES PRESCRITAS?”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para contestar que a día de hoxe non se procedeu á contestación de ningunha das reclamacións nas que se alegaba a nulidade do procedemento sancionador por estar instruído por persoal laboral. A reclamación á que



se fai referencia foi arquivada por atoparse prescrita, polo que non se entrou a valorar a existencia ou non de nulidade. A prescripción prodúcese nos prazos que indica na súa pregunta, tal e como establece a normativa en materia de tráfico. O volume de traballo existente no departamento de sancións conlevou a que algunhas infraccións prescribieran. A día de hoxe estase a implantar un programa informático para facilitar a tramitación deste tipo de infraccións. Respecto ao motivo de nulidade alegado, dende a Alcaldía solicitouse a emisión dun informe xurídico á Secretaria Municipal e á Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo, polo que se procederá á correspondente resolución das solicitudes presentadas, atendendo ao volume de traballo dos departamentos municipais. Engade que o Concello non conta con persoal funcionario suficiente para o desempeño das funcións necesarias. Estase a elaborar a RPT, que xa se adxudicou á UVIGO, que se prevé ter elaborada neste ano, para logo poder funcionarizar.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 23-05-2017 (Nº DE REXISTRO 2017-E-RC 3045):

D. Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, as seguintes PREGUNTAS:

1) Fai un ano, no pleno do 1 de Xuño de 2016, este grupo municipal facía unha serie de preguntas dirixidas á Sra. Alcaldesa sobre a situación de diversos inmobles do Concello que se atopaban en mal estado, co conseguinte risco que podían supoñer para os viandantes.

Un destes inmobles era o que está situado na rúa Suasbarras nº 41 da parroquia de Covas, vivenda sobre a que se nos contestaba que era unha propiedade da Empresa Piunca S.L., a que se lle incoara unha multa de 300 euros polo incumplimento da orde de execución decretada. Ante a imposibilidade de comunicación coa Empresa e seguindo o procedemento administrativo, se publicaba no B.O.E o 9 de Maio de 2016.

A situación deste inmovible empeorou desde fai un ano cando se incoou o citado expediente, faltando as ventás e a porta principal. Non so presenta un aspecto lamentable, senón que calquera persoa pode acceder sin control o seu interior e mesmo podería ocasionar en calquera momento riscos para os peóns, máxime cando esta é unha zona na que apenas existe beirarrúa.

O mesmo sucede co expediente de orden de execución do edificio de Suasbarras nº 45-47-49 da mesma parroquia de Covas, propiedade de Herederos do antigo Hotel Cociña, con multa de 300 euros con notificación de orden de execución decretando a retirada de obxectos con risco de caída, así como o adecentamento da fachada, pintura e colocación de canalóns. Dado que tales actuacións non se teñen producido, consideramos que este inmovible do antigo Hotel Cociña presenta uns riscos cada vez maiores. Por estes motivos e polo que lle PREGUNTAMOS á Sra Alcaldesa:

- a) En que situación se encontran actualmente os tramites ou xestións de estes inmobles da rúa Suasbarras?*
- b) Ante a falta de ventás e da porta principal do inmovible nº 41 e ó que pode ter acceso calquera persoa, así como o gran deterioro en que está a vivenda,*



que medidas se van a tomar para darlle solución?”

Intervén a Sra. Alcadesa para contestar que para dar resposta a estas preguntas, ao encontrarse a técnico xurídico de urbanismo de vacacións, solicitou información do persoal do Casco Histórico. A información remitida fala de dous expedientes, o expediente de Herederos do Hotel Cociña, e o expediente correspondente a Construcciones e Saneamentos A Piunca, SL.

Respecto ao primeiro expediente, a información que se me remite di o seguinte:

1. Imposición de segunda multa coercitiva.
2. Os interesados no expediente presentan recurso de reposición, que non se admite.
3. A multa atópase para o cobro en vía executiva.

Respecto ao segundo expediente, que corresponde a Piunca SL, infórmame de que:

1. Imposición de segunda multa coercitiva.
2. En tres ocasións notificábase a resolución co resultado de ausente. Procedese a publicala no BOE 5-06-2017.

Engade que no Concello existe un problema, xa que hai casos que supoñen un perigo. O Concello leva a cabo moitos expedientes de execución, e ás veces non hai propietarios coñecidos, e noutras ocasións non fan caso. Engade que se impoñen multas e se pensou incluso en levalo ao xulgado. Indica que noutros casos os propietarios sí que actúan á primeira. Conclúe indicando que se trata dun asunto complexo e que o Concello tamén se atopa coas mans atadas.

2) No Pleno do 7 de Outubro de 2015 na moción que presentou o noso grupo - aprobada cos nosos votos, os do BNG e Son Viveiro e a abstención do equipo de goberno socialista - sobre a posta en servizo do pozo de bombeo do saneamento do barrio do Pontigo e outros barrios da parroquia de Galdo, no debate desta moción se confirmou por parte do Concejal - Delegado de Obras que dos 24 pozos de bombeo a empresa Viaqua - empresa concesionaria de alcantarillado e auga no Concello - so pagaba a enerxía eléctrica de 5 deles , reiterando que non entendía porque o resto os pagaba o Concello cando os tería que pagar Viaqua. Concluía a súa intervención decindo que estaban á espera de que o xefe de zona da empresa viñese a falar sobre temas importantes para o Concello e que tiñan que ver coa xestión de Viaqua.

Por esta razón lle **PREGUNTAMOS** á Sra. Alcadesa:

- a) Quedou aclarado quen ten que pagar a enerxía eléctrica dos pozos de bombeo existentes, Viaqua ou o Concello?
- b) Si é o Concello cales son os motivos?
- c) A día de hoxe están todos os pozos de bombeo funcionando normalmente?
- d) Si non están todos en activo, cales son e a que se debe que non funcionen?”



Intervén a Sra. Alcaldesa para contestar que o Concelleiro de Obras en ningún momento afirmou o que se di. O Concelleiro de Obras aludiu a que lle comentara á interventora municipal que non entendía como se poñían problemas para asumir o custe eléctrico do pozo de Hermoste se se estaban asumindo o custe doutros pozos nas mesmas condicións. Posteriormente, a interventora realizou un informe en sentido favorable a facerse cargo o Concello do consumo eléctrico. O Concello de Viveiro estase facendo cargo do custe eléctrico daqueles pozos de bombeo construídos despois de ter firmado o contrato con Aquagest. É posible regularizar a situación coa empresa Viaqua, antiga Aquagest, a fin de que se faga cargo do custe eléctrico dos pozos que actualmente estamos asumindo dende o concello. En calquera caso, eses pagos volverán a repercutir indirectamente no Concello. A día de hoxe só existen dous pozos de bombeo con problemas que a empresa Viaqua está solventando.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO CONCELLEIRO DE SON VIVEIRO, INTEGRANTE DO GRUPO MIXTO, EN DATA 01-06-2017 (Nº DE REXISTRO 2017- E- RC 3297):

D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto presenta a seguinte PREGUNTA:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No Pleno municipal celebrado o pasado 01 de xuño de 2016 foi aprobada unha moción presentada polo Grupo que represento nos seguintes termos:

*“O Pleno da Corporación, por maioría, con doce votos a favor. ACORDA:
Prestar aprobación á moción que presenta Son-Viveiro de efectuar un rebaixamento na marxe esquerda da beirarrúa, fronte ao xa existente na outra marxe e coincidindo aproximadamente co centro do devandito edificio, e proceder a pintar un paso peonil que facilite o acceso ás citadas instalacións cun mínimo de seguridade”*

Na súa intervención a Sr.a Alcaldesa afirmaba que consultado cos técnicos e co Xefe da Policía Local consideran factibles proceder ao rebaixamento na marxe esquerda da beirarrúa e un paso peonil que facilite o acceso, polo que o seu Grupo ía votar a favor desta moción.

O Grupo non adscritos tamén votou a favor.

Na actualidade hai un paso pintado na entrada dos locais sindicais e parece que pensan habilitar outro na parte baixa do edificio.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte pregunta:



Cal é a razón que motivou estas modificacións, en contra da opinión dos técnicos e do Xefe da Policía Local, incumprindo o acordo plenario adoptado?”

Intervén a Sra. Alcaldesa para contestar que o Concelleiro de Obras lle fai chegar a seguinte información. En ningún momento houbo intención de incumprir un acordo plenario, ao sumo, se se cometeu un erro, é froito dunha simple confusión. O tema de pintar un paso de cebra na Avda García Dóriga tratouse no pleno dúas veces. Baralláronse dúas posibilidades, unha atravesando a propia rúa e outra dende a fonte de Cadafalso á entrada do Edificio dos Sindicatos. Á hora de acometer o pintado, o Concelleiro de Obras, por non ter claro cál das dúas opcións se tiña escollido, encargoulle ao xefe de obras que se puxese en contacto co Inspector Xefe da Policía Local e, incluso, con algún representante de Son Viveiro. Pola información da que o Concelleiro de Obras dispón, decidiuse pintar o paso na zona da Fonte do Cadafalso.

Para máis claridade pasa a ler o informe elaborado polo Inspector Xefe da Policía Local:

Que en su día a la vista de la moción presentada por SON VIVEIRO, nos personamos en la zona esta Jefatura, en compañía del Sr. Santi Meitín arquitecto municipal, y el Sr. Santi Siva encargado de obras del Concello para estudiar la ubicación de un paso de peatones en la Rúa García Dóriga, frente al centro de fisioterapia CEFIRE.

Que una vez se estudia dicha solicitud se llegó al siguiente acuerdo con conocimiento y consensuado con el gerente de dicho centro.

1. Que era inviable colocar otro paso de peatones cuando ya existían dos, uno a cada extremo de dicha calle y con una distancia entre sí de 100 metros aproximadamente.
2. Que se hizo un rebaje en la esquina de la acera del Edificio de los Sindicatos para facilitar el acceso a personas de movilidad reducida o que tuvieran que utilizar una silla de ruedas dado que la acera es muy estrecha.
3. Realizar el paso de peatones, en el cruce entre la fuente y el Edificio de Sindicatos para facilitar el paso de los peatones y así dar continuidad del tránsito de los mismos con seguridad desde una acera a otra de dicha calle.

Polo tanto, como se pode observar, nin se actuou en contra da opinión dos técnicos nin do Xefe da Policía Local e, moito menos, houbo intención de incumprir ningún acordo plenario.

Pide a palabra o concelleiro de Son Viveiro, que lle é concedida pola Sra. Alcaldesa, e manifesta que no seu momento estiveron alí cos técnicos e que a idea era pintar outro fronte á tenda de roupa, pola parte de abaixo, e que se falou de volver a xuntarse na zona, e que a súa sorpresa foi que non se lles volveu a comentar nada máis.



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que as mocións son compromisos políticos pero que logo hai que ver as cuestións técnicas.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21.30 do día 7 de xuño de 2017, extendéndose a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)